



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 22 DE XUÑO DE 2012.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D^a. Olaia Casas Chaves, D. Manuel Galdo Dopico, D. César Aja Mariño, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D. Antonio José Bouza Rodil, D^a. Cándida Méndez Salgado, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

INTERVENTOR ACCIDENTAL

D. Sergio Aguado Delicado

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 22 de xuño de dous mil doce, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, coa presenza do Interventor Accidental, asistido de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello. Non se atopa presente neste momento D^a. Olaia Casas Chaves.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

Ratifícase por unanimidade a urxencia da sesión.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 31/05/2012.**

Intervén D. Antonio José Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P. para sinalar que no punto 13 da acta, onde se di “...e 5 abstencións correspondentes ó grupo do P.P.”, debería dicir: “...e 6 abstencións correspondentes ó grupo do P.P.”

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do grupo do B.N.G., para indicar que no punto 4, onde di “...Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G, D. Bernardo Fraga Galdo”, debe dicir: “...Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G, D.Manuel Galdo Dopico”.



Realizadas estas salvidades o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda coas salvidades arriba referenciada aprobar a acta da sesión do 31 de maio de 2012.

3.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA CRÉDITO EXTRAORDINARIO 022/2012.

Vista a proposta do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, en orde á aprobación da modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario N° 022/2012, co obxectivo de facer fronte ó pago das subvencións da Área de Rehabilitación do casco Histórico.

Visto o informe favorable da Intervención.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para indicar que na Comisión Informativa se expresou un acordo de unanimidade en realizar esta modificación orzamentaria para facer fronte ó pago das subvencións da Área de Rehabilitación do Casco Histórico pendentes. Apunta que o importante é que hai que incorporar estes créditos que no seu día non se incorporaron o que impedía aboar a maior parte das subvencións pendentes, manifestando que todas non se poderán aboar porque faltan 45.000 de ingresar pola Xunta de Galicia, que se corresponden con 11 axudas, o resto xa se poderá aboar agora se se aproba definitivamente esta modificación orzamentaria. Sinala que esta modificación unha vez aprobada se expón ó público 15 días, apuntando que o anterior Interventor non fixo no seu momento o seu traballo e agora trátase de aprobar este instrumento para poder pagar, polo que se considera urxente, xa que se leva moito tempo esperando, polo que se intentará que entre o luns e martes se publique esta modificación para poder pagar as axudas antes do 30 de xullo.

Intervén D. Antonio José Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P. para indicar que o seu grupo se congratula da celeridade deste asunto, tras a súa exposición no Pleno, apunta que están de acordo en que se pague e que o informe de Intervención di que é factible polo que van votar a favor.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal do B.N.G., para indicar que o seu grupo está de acordo coa aprobación desta modificación.

Intervén D. Guillermo Leal Arias, en representación do Grupo Municipal do i.V.i., para sinalar que o seu grupo tamén vai votar a favor desta proposta.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para sinalar que o P.P. trouxo este tema ó Pleno, pero o grupo do goberno xa leva padecendo este problema de non poder realizar o pago dende hai moito tempo, pero agora unha vez publicado e pasen 15 días se non hai alegacións xa se entenderá definitivamente aprobado, se existen alegacións haberá que volver a convocar outro Pleno.



Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictame favorable da Comisión Informativa de Economía, procédese á súa votación, acordándose, por unanimidade, aprobar a proposta formulada pola Alcaldía e informada pola Intervención coa seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 022/2012, correspondente a créditos extraordinarios, co seguinte desglose:

APLICACIÓN GASTOS	PROXECTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
15204.78080	2007/2/REHAB/1	OUTRAS TRANSFERENCIAS. REHABILITACIÓN DO CASCO HCO. 8ª FASE	6.617,46
15204.78090	2008/3/RHCSH/2	SUBV. REHABILITACIÓN DO CASCO HCO. FASE PRIVADA 9ª	51.793,17
15204.78010	2009/3/RHCSH/1	SUBV. A PARTICULARES PARA REHABILITACIÓN DO CASCO 10ª	77.643,41
15204.78011	2010/2/RHC11/1	SUBV. A PARTICULARES PARA REHABILITACIÓN DO CASCO 11ª	161.543,28
TOTAL INCREMENTO ORZAMENTO DE GASTOS			297.597,32

Segundo.- Expoñer ó público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, por espazo de 15 días o citado expediente, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura de cantos documentos sexan encesarios para a execución do presente acordo.

4.-PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A DECLARACIÓN DE IMPACTO MEDIOAMBIENTAL NO TRAZADO DA VAC POR MAGAZOS.

Incorpórase á sesión plenaria Dª. Olaia Casas Chaves

Vista a proposta do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, sobre o trazado da vía de alta capacidade O Barqueiro-San Cibrao ó seu paso pola parroquia de Magazos, tendo en conta o acordo da sesión plenaria do 27 de outubro de 2011 e as alegacións realizadas por este Concello ó documento complementario para información pública da VAC, e propoñendo rexeitar o estudo de impacto ambiental e iniciar as actividades administrativas, xudiciais e políticas para continuar con este rexeitamento, solicitando da Deputación Provincial a colaboración dos servizos xurídicos para os trámites en vía xudicial.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para indicar que esta vía inicialmente aparecía por Covas e subía por San Francisco, que no 2006 se logrou que rodeara todo o Concello , pero poste-



riormente por parte da Xunta fíxose unha modificación baixando por Magazos, incluíndo unha saída por Barras e a Escola de Magazos, apuntando que nun pleno anterior xa se aprobou que se rexeitaba este novo trazado e solicitando que se realizase o anterior trazado sen esta nova saída. O Concello non recibiu contestación, só un escrito no que se comunicaba que se estaba demorando pola realización do estudo. No informe de impacto medioambiental din que farán un túnel, pero manteñen o que no pleno se pedira que se anulase, o resto son intencións non concretadas, como por exemplo cando sobre os acuífros se di que se verán as posibilidades. Manifesta que se trae esta proposta ó Pleno consistente en volver a rexeitar o estudo de impacto medioambiental e solicitar a colaboración da Deputación. Apunta que existe un exemplo de persistencia en Luarca, en Asturias, que tradou 7 anos cun trámite xudicial, pero no que finalmente gañaron os veciños, tiveron que ir a Bruselas, e aquí mandaranse os documentos necesarios a onde sexa.

Intervén D. César Aja Mariño, en representación do Grupo Municipal do P.P. para indicar que o seu grupo mantén a súa postura do Pleno de outubro de 2011 respecto a esta infraestrutura, que é a postura que propoñen os técnicos. Apunta que é necesario un enlace entre Celeiro e Landrove, e o lugar idóneo é en Magazos. Sinala que na adxudicación do concurso para a redacción do proxecto no ano 2007, se sinala, entre outras cousas que o trazado será analizado nunha 1ª fase mencionando a existencia dun enlace entre Landrove e Celeiro. Aputna que ninguén cuestiona que debe existir un enlace intermedio, que o P.P. non cuestiona ós particulares, pero cree que esta solución dos técnicos é a máis idónea para solventar o problema do tráfico en Viveiro. Apunta que non están en contra de ningún veciño, pero que defenden o que consideran que é o mellor para todos os cidadáns de Viveiro.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para dicir que o documento que leu D. César Aja Mariño é unha memoria, pero que o importante é o documento publicado no DOGA, e nese establécese que só haberá 3 enlaces: Covas, Landrove e Celeiro. Apunta que se fose tamén o bipartito o que publicase este enlace no DOGA se opoñerían, pero o bipartito publicou só 3 enlaces, o resto é simplemente unha memoria. Sinala que é bo recoñecer que o P.P. cambiou a súa postura, porque non sempre mantivo que fora autovía e que non atravesase núcleos de expansión, polo que agora só nos diferencia o acceso a Magazos.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal do B.N.G., para indicar que o seu grupo vai apoiar esta proposta da Alcaldía, indicando que os criterios técnicos son valorables sempre, e que tamén foron criterios técnicos os que no ano 2006 levaron á aprobación do 1º proxecto, polo que non tería porque non ser o mellor o criterio técnico do 1º proxecto.

Intervén D. Guillermo Leal Arias, en representación do Grupo Municipal do i.V.i., para sinalar que o seu grupo tamén vai votar a favor desta proposta, que llo comunicaron ós veciños, e que realmente o seu grupo tampouco entende que os criterios técnicos cambien de opinión cando a oreografía non cambiou en nada, pois parece que están influenciados politicamente, xa que se había outras alternativas que se propuxeron con anterioridade, se os veciños tamén realizaron propostas, o máis lóxico sería que por parte dos técnicos se explicase porque non se poderían adoptar esas alternativas ou indicasen se poderían existir outras.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, procédese á súa votación, acordándose, con 11 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e i.V.i., e 6 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P., aprobar a proposta formulada pola Alcaldía:



Primeiro: Rexeitar o estudo de impacto ambiental realizado pola Xunta de Galicia para a obra de referencia e iniciar as actividades administrativas, xudiciais e políticas para continuar co rexeitamento a esta decisión da Xunta de Galicia por todos os motivos expostos nas alegacións presentadas por este Concello.

Segundo: Solicitar á Deputación Provincial de Lugo a colaboración dos seus servizos xurídicos para todos os trámites do ámbito xudicial.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte do Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as 09:00 horas do día 22 de xuño de 2012, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.